



# Bo día!!!

Que tal foi a fin de semana? Que tal eses primeiros paseos? Tanto se saídes como se non, o principal é estar sans.

Penso que non tiñamos nada que corrixir da semana pasada pois o único que dixen é que habería sorpresa. Non é unha única sorpresa. Son dúas:

- **Kahoot.** E diredes que é iso? Pois son preguntas con tempo e simplemente tedes que escoller a opción correcta. Dicirvos que **non é unha proba nin nada similar.** Simplemente serve para saber se máis ou menos entendestes a unidade que xa rematamos. Podes facelo varias veces, se queres. Podedes ter o caderno con vós 😊 😊 😊



## **Instruccións para o kahoot:**

1. *Pincha no enlace que hai abaixo.*
2. **IMPORTANTE.** *Escribe o teu **nome máis as iniciais dos apelidos e 1** no nickname. Se o fas unha segunda vez, pois escribirás 2 e así sucesivamente. Exemplo: MartaSD1, MartaSD2, etc.*
3. *Xa estás listo/a para xogar. “ok, let’s go” tes que pulsar.*
4. *Primeiro aparece a pregunta e logo tes de novo a pregunta coas opcións. Só hai unha verdadeira.*
5. *Logo de marcar a opción correcta, pulsa NEXT.*
6. *Son 10 preguntas. Hainas de verdadeiro e falso e de escoller a mellor opción.*

**Algunhas tablets dan erro. Aconséllvos o móbil ou ordenador.**

**O estudante pode dicir a resposta e o adulto (se acompaña) pode marcar a opción.**

**TEDES ATA O MÉRCORES 6 MAIO ÁS 20 HORAS**

[https://kahoot.it/challenge/07945862?challenge-id=d622c470-d088-4ec8-b4e9-d23079071007\\_1588508223092](https://kahoot.it/challenge/07945862?challenge-id=d622c470-d088-4ec8-b4e9-d23079071007_1588508223092)



Gustouvos o kahoot? Espero que si. Recordade que non é unha proba nin vou poñer nota por iso nin moito menos. Vós estades aprendendo e eu como profe tamén. Pois é dos primeiros kahoot que preparo e faime ilusión! 😊 😊 😊

A segunda sorpresa é ...

- **Unidade nova!** Así é, imos comezar unha nova unidade pero con contidos que xa máis ou menos coñecedes. Así que non vos preocupedes porque intentarei explicalo todo con coidado para que o entendades á perfección. Usarei vídeos feitos por min, vídeos que hai xa en internet e haberá que copiar de vez en cando algunha cousa para que quede no caderno e poidades revisar cando queirades, vale?

O primeiro de todo vai ser poñerse en **folla nova** e deseñar a portada da unidade que se chamará **QUEN NOS RODEA**. Podedes engadir debuxos, facer letras dobres...todo máis ou menos no medio da carilla. Quen queira, pode imprimir esta idea e pintala.



Logo de ter feita a portada con cores ben bonitos, pasades a folla enteira e vedes os seguintes vídeos.

**Quen nos rodea – parte 1**

[https://youtu.be/y0\\_SjMzS4IQ](https://youtu.be/y0_SjMzS4IQ)

## Quen nos rodea – parte 2

<https://youtu.be/bZLSWU-mwOO>

## los 5 reinos de la naturaleza

[https://www.youtube.com/watch?v=GS34snY\\_P4o](https://www.youtube.com/watch?v=GS34snY_P4o)


Agora ven o momento de copiar nesa carilla de folia nova despois da portada. Recordade que usamos o boli azul para todo, podendo subliñar en outra cor. Unicamente, o esquema dos 5 reinos teredes que escoller unha cor para cada reino, ok?

## DIFERENZA ENTRE SERES VIVOS E INERTES

Os seres vivos distínguense dos seres inertes porque so os seres vivos...

- ✓ Están **formados por células** (unidades mínimas de vida). Hai seres vivos unicelulares (formados por unha única célula) e pluricelulares (formados por máis dunha célula).
- ✓ Realizan as **funcións vitais**: relación, reprodución e nutrición.
- ✓ Desenvolven un **ciclo vital** polo cal nacen, aliméntanse, crecen, relaciónanse con outros seres, reproducense dando lugar a outros seres similares e, por último, morren.

## CLASIFICACIÓN CIENTÍFICA DOS SERES VIVOS





E nada máis. A semana que ven continuamos aprendendo isto dos seres vivos.

Espero que fagades o kahoot como momento divertido para vós ao facelo pois para min así foi deseño e entendades os vídeos que tedes que ver e o pouco que tedes que escribir tamén.

Sei que é unha situación moi diferente a estar en clase pero pretendo que aprendades igualmente dunha maneira máis sinxela. Non quero que o estudeades pero si que o entendades e que poidades explicarlle ás vosas familias que estades traballando en naturais. Iso significa que aprendestes 😊 😊 😊

